

ORIENTACIÓN ACADÉMICA 2º ESO




DPTO. DE ORIENTACIÓN
IES AQUIS QUERQUERNIS
CURSO 2019-2020

TEMAS A TRATAR

- **Opcións ó rematar a ESO.**
- **3º ESO no IES Aquis Querquernis**
- **Estrutura de 4º ESO**
- **Plan de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)**
- **Formación Profesional: FPBásica, oferta, enlaces de interese**

OPCIONES Ó REMATAR A ESO



3º ESO NO IES AQUIS QUERQUERNIS

3º ESO (Curso 2020/2021)		
MATERIAS TRONCAIS XERAIS		
Lingua Castelá e Literatura (3h)	1ª Lingua estranxeira – Inglés (3h)	Lingua Galega e Literatura (3h)
Xeografía e Historia (3h)	Bioloxía e Xeoloxía (2h)	Física e Química (2h)
ESCOLLER MODALIDADE (ó chegar á 4º poderíase cambiar a elección, aínda que é preferible darlle continuidade á mesma modalidade escollida):		
<input type="checkbox"/> Matemáticas académicas (4h) (enfocadas a bacharelato)	<input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas (4h) (enfocadas a FP)	
MATERIAS ESPECÍFICAS		
Música (2h)		
Tecnoloxía (2h)		
Ed. Plástica Visual e Audiovisual (2h)		
Educación Física (2h)		
Escoller unha: <input type="checkbox"/> Relixión (1h) <input type="checkbox"/> Valores éticos (1h)		
Escoller unha: <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira (2h): Francés ou Portugués <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (2h)		

¿CÓMO CONTINUARÍA A ESTRUTURA EN 4º ESO?

4º ESO (LOMCE)	
OPCIÓN ACADÉMICAS (Orientado a Bacharelato)	OPCIÓN APLICADAS (Orientada a Formación Profesional)
<ul style="list-style-type: none"> • Xeografía e Historia • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Galega e Literatura • 1ª Lingua Estranxeira • Educación Física • Relixión ou Valores Éticos • <i>Matemáticas Académicas</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Xeografía e Historia • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Galega e Literatura • 1ª Lingua Estranxeira • Educación Física • Relixión ou Valores Éticos • <i>Matemáticas Aplicadas</i>
<p>Escoller dúas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía • Física e Química • Latín • Economía 	<p>Escoller dúas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • CC. Aplicadas á actividade profesional • Iniciativa á actividade emprendedora e empresarial • Tecnoloxía
<p>Escoller dúas (cada centro oferta un nº determinado delas):</p> <p>Artes Escénicas e Danza Cultura Científica Cultura Clásica Educación Plástica, Visual e Audiovisual Filosofía Música Segunda Lingua Estranxeira Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) Unha materia troncal non cursada de opción</p>	

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE Ó CURSAR 2º DA ESO

- Reforzos, agrupamentos, desdobres, adaptacións curriculares, profesorado de apoio.
- Plan de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)
- Formación Profesional Básica

EN QUÉ CONSISTE PMAR?

CARACTERÍSTICAS

- Caracterízase por cambios na metodoloxía debido ás dificultades coas que se atopan alumnos/as na ESO (non por falta de esforzo).
- Organízanse en grupos de 5-10 alumnos/as

REQUISITOS

- Para cursar 3º PMAR hai que cumprir unha serie de requisitos:
- Ter repetido nalgunha ocasión (en primaria ou na ESO)
- Ter dificultades da aprendizaxe, pero non por falta de traballo e esforzo.
- Ter cursado xa 2º da ESO e non estar en condicións de promocionar a 3º ou cursar 3º pero non estar en condicións de promocionar a 4º (poderían repetir por PMAR)

MATERIAS E PROMOCIÓN

- As materias principais organízanse en ámbitos e cada ámbito imparteo un só profesor/a.
- Os criterios de promoción son os mesmos que na ESO, con máis de dúas materias non se pode promocionar (e a suspena non pode ser un ámbito).

EN QUÉ CONSISTE PMAR?

CLASES 3º PMAR	
ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL	Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Xeografía e Historia
ÁMBITO CIENTÍFICO E MATEMÁTICO	Matemáticas aplicadas Bioloxía e Xeoloxía Física e Química
ÁMBITO LINGUA ESTRANXEIRA	Inglés
TITORÍA	
CLASES COMPARTIDAS CO SEU GRUPO DE REFERENCIA	
Tecnoloxía Educación Física Música Ed. Plástica Visual e Audiovisual Relixión ou Valores Éticos Cultura Clásica	

FORMACIÓN PROFESIONAL

- A formación profesional organízase en **familias profesionais**: os que teñen características e contidos afíns a un sector produtivo.
- Os ciclos poden ser de **formación básica, media e superior**.
- Os contidos organízanse en **módulos** profesionais (materias).
- A duración dos ciclos é de **dous cursos** (2000h) e excepcionalmente tres cursos (en ciclos de FPDual)
- A FP permite continuar estudando ata alcanzar o máximo nivel de estudos:

FPBÁSICA → FPMEDIO → FPSUPERIOR → UNIVERSIDADE

CICLOS FP BÁSICA

CARACTERÍSTICAS

- O título de FP Básica ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de traballo básicas nun ámbito profesional.
- O título de FP Básica permite acadar o título da ESO se o equipo docente considera que ó longo do ciclo alcanzou os obxectivos da ESO e adquiriu as competencias correspondentes.
- O título de FP Básica dá acceso ós ciclos de FP medio.

REQUISITOS

- Ter entre 15-17 anos no comezo do curso.
- Ter cursado 3º da ESO ou excepcionalmente 2º da ESO
- Ser proposto polo equipo docente.
- Ter consentimento do pai, nai, tutores legais.
- Se quedan prazas vacantes, poderían entrar persoas de 18-20 anos sen título de estudos secundarios nin formación profesional

CICLOS FPBÁSICA

MÓDULOS QUE SE ESTUDAN EN FPBÁSICA

MÓDULOS ASOCIADOS A UNIDADES DE COMPETENCIA: específicos de cada familia profesional.

MÓDULO DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO (FCT): cúrsase ó final do segundo curso.

TITORÍA: técnicas de estudo, resolución de conflitos, autoestima e responsabilidade, comunicación, traballo cooperativo, orientación laboral, etc.

MÓDULOS ASOCIADOS A BLOQUES COMÚNS

Comunicación e Sociedade I e II
(lingua galega, lingua castelá, inglés e cc. sociais)

Ciencias aplicadas I e II
(matemáticas e cc. aplicadas ó contexto persoal e ó campo profesional)

CICLOS FPBÁSICA: OFERTA

- *Oferta provincia de Ourense (próximas a contorna do IES Aquis Querquernis)*

LOCALIDAD	CICLOS BÁSICOS (CB)
Bande	CB Informática de Oficina
Celanova	CB Electricidade e Electrónica CB Servizos administrativos
Xinzo de Limia	IES Cidade de Antioquía: CB Electricidade e electrónica IES Lagoa de Antela: CB Cociña e restauración
Ourense	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel CB Informática de oficina CIFP A Farixa CB Electricidade e electrónica CIFP Portovello CB Servizos comerciais IES 12 de Outubro CB Peiteado e estética IES Julio Prieto Nespereira CB Fabricación e montaxe IES Universidade Laboral CB Mantemento de vehículos

CICLOS FP BÁSICA: OFERTA

LOCALIDAD	CICLOS BÁSICOS (CB), MEDIOS (CM) E SUPERIORES (CS)
Ourense	CPR Plurilingüe Divino Maestro CB Informática de oficina CPR Ramón María del Valle- Inclán CB Reforma e mantemento de edificios CB Servizos administrativos CPR San Martín CB Informática e comunicacións CB Servizos administrativos CPR Santo Cristo CB Peiteado e estética
Vilamarín	CB Cociña e Restauración CB Actividades de Panadería e Pastelería

* Os CPR son centros privados con ensinanzas concertadas.

FORMACIÓN PROFESIONAL

Enlaces de interese sobre FP na páxina da Xunta de Galicia:

- [Toda a oferta de FP en Galicia](#) (Por provincia ou por familia profesional)
- [Folletos informativos](#)
- [Curriculo e saídas profesionais dos ciclos](#) (buscador)